



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE ZAS 2018

PRIMEIRA.- Co obxecto de promocionar unha das festas tradicionais, así como recuperar unha das prácticas populares destas datas, dende o Departamento de Cultura do Concello de Zas convócase unha nova edición do Concurso de Disfraces.

SEGUNDA.- Este concurso celebrarase o Martes de Entroido (13 de febreiro), ás 19:00 horas no Pavillón Polideportivo de Zas.

Os premios outorgaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, no que toda persoa que así o desexe poderá participar no concurso, nos termos das presentes bases.

TERCEIRA.- O prazo de inscrición será dende o día seguinte á publicación do anuncio destas bases no BOP ata o día 13 de febreiro ás 18:00 horas. A inscrición realizarase de xeito presencial nas dependencias do Concello, ou o mesmo día no pavillón. (Modelo Anexo ás presentes bases)

CUARTA.- Establécense as seguintes categorías e premios

CATEGORÍAS	PREMIOS
CATEGORÍA A (0-5 ANOS)	1º PREMIO.....80€ 2º PREMIO.....60€ 3º PREMIO.....40€
CATEGORÍA B (6-14 ANOS)	1º PREMIO.....80€ 2º PREMIO.....60€ 3º PREMIO.....40€
CATEGORÍA C (maiores de 15 anos)	1º PREMIO.....150€ 2º PREMIO.....80€ 3º PREMIO.....50€
GRUPOS E COMPARSAS (formados como mínimo por 3 persoas)	1º PREMIO.....200€ 2º PREMIO.....150€ 3º PREMIO.....100€
PREMIO ESPECIAL "ZASCHOQUEIRO"	1º PREMIO.....80€

Cada participante só poderá presentarse nunha categoría.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Outorgarase un premio especial “Zaschoqueiro” (personaxe peculiar e orixinal, ataviada de xeito artesanal e estrafalario, caracterizada polo descaro e o humor) a calquera concursante que participe en calquera categoría do desfile.

Os premios outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 338.489.00

QUINTA.- Os premios aprobaranse pola Alcaldía á vista da decisión do xurado, que elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados que se farán públicos ao remate do concurso. O técnico municipal, elaborará un informe partindo desta acta para proceder ao pagamento dos premios, que se e aboarán mediante transferencia bancaria, para o que os gañadores deberán achegar xustificante bancario co número de conta da que sexan titulares, nos días posteriores á celebración do concurso.

No caso de menores, o aboamento farase ao representante legal. En caso de comparsas, ao representante designado para o efecto pola propia comparsa.

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

SEXTA.- Os membros do xurado serán os seguintes:

- Alcalde ou concelleiro que o substitúa.
- animador deportivo do Concello ou técnico municipal que o substitúa.
- Tres membros das asociacións municipais do Concello.

Para a válida constitución do mesmo será necesario a presenza de 3 membros.

SÉTIMA- Os criterios de selección dos premiados serán os seguintes:

- * Orixinalidade e singularidade dos participantes: ata 30 puntos
- * Materiais de elaboración dos disfraces e carrozas, a confección e construción artesanal: ata 20 puntos
- * Complexidade da elaboración: ata 20 puntos
- * Representación sobre o escenario: interpretación de cancións e coreografías: ata 30 puntos.

A decisión do xurado será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros

OITAVA- A participación no concurso, implica o coñecemento e aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. En contra das decisións do dito xurado non caberá ningún recurso.

Zas, 22 de xaneiro de 2018,
O Alcalde, Asdo. Manuel Muiño Espasandín



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

FICHA DE INSCRICIÓN: CATEGORÍA INDIVIDUAL

1. Datos do participante:

Nome e apelidos.....

DNI....., Idade.....

Domicilio.....

Categoría na que participa: (marque o que proceda):

CATEGORÍA A (0-5 ANOS)	
CATEGORÍA B (6-14 ANOS)	
CATEGORÍA C (maiores de 15 anos)	

2. Datos do Representante: (pai/nai/titor legal): de ser o caso:

Nome e apelidos.....

DNI....., Teléfono.....

Domicilio.....

3. Declaración responsable:

Polo presente escrito, o participante arriba indicado/ ou o representante indicado no apartado segundo, DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE QUE:

Que nin o beneficiario nin o representante se atopan en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, nin están incurso en ningunha das prohibicións do art. 13.2 e 13.3 da Lei xeral de subvención e disposicións aplicables.

Que o beneficiario e o representante legal se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e a Seguridade Social.

Que responde, persoalmente, de calquera tipo de obriga fiscal que da presente declaración se poida derivar.

Que autoriza ao uso dos datos do beneficiario e do representante legal para calquera información que deba ser rendida, en cumprimento de disposicións legais de calquera tipo.

Zas, de.....de 2018

O representante

Asdo.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

FICHA DE INSCRICIÓN: COMPARSAS E GRUPOS

1. Datos das comparsas/grupos:

Nome da comparsa:.....l

Nº de participantes:.....(indicarase o nome e apelidos e idade de todos os participantes)

1.....

2.....

3.....

4.....

5.....

2. Datos do representante

Nome e apelidos.....

DNI....., Teléfono.....

Domicilio.....

3. Declaración responsable:

Polo presente escrito, o participante arriba indicado/ ou o representante indicado no apartado segundo, DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE QUE:

Que nin o beneficiario nin o representante se atopan en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, nin están incurso en ningunha das prohibicións do art. 13.2 e 13.3 da Lei xeral de subvención e disposicións aplicables.

Que o beneficiario e o representante legal se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e a Seguridade Social.

Que responde, persoalmente, de calquera tipo de obriga fiscal que da presente declaración se poida derivar.

Que autoriza ao uso dos datos do beneficiario e do representante legal para calquera información que deba ser rendida, en cumprimento de disposicións legais de calquera tipo.

Que ten a autorización de todos os membros da comparsa arriba sinalados para representala a todos os efectos e, de ser o caso, recibir o premio.

Zas, de.....de 2018

O representante (ASINADO)